

- 1 Que palabra destacada se usa para referirse a cada un? Le e escribe onde corresponda.

Ao rapaz
que fala

Ás persoas
que o escoitan



De maior, **eu**
vou ser músico.
E vós, que
queredes ser?

Os pronomes persoais

Os **pronomes persoais** son as palabras que serven para nomear as persoas sen dicir o seu nome. Os pronomes persoais son *eu, ti, el, ela, nós, vós, eles, elas*.

- 2 Arrodea os pronomes persoais do seguinte texto.

Invitación ás festas

Xoán e mais eu convidamos a Ana e a Fuco ás festas do barrio. Tanto ela coma el dixeron que ían vir. Queres vir ti tamén? Será fantástico!



- 3 Que pronome persoal usarías para nomear as persoas destacadas en cada oración? Colorea.

Martiño e Mateo son irmáns. ▶

Eles

Elas

Antón e ti ledes moi ben. ▶

Nós

Vós

Uxío e eu vivimos no centro. ▶

Nós

El